



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTA COMBA

*Aprobación inicial da ordenanza municipal reguladora da administración electrónica do Concello de Santa Comba*

##### TEXTO

O Pleno do Concello de Santa Comba, en sesión ordinaria realizada o 26 de xaneiro de 2024, adoptou, entre outros, este acordo:

Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da administración electrónica do Concello de Santa Comba.

O texto da ordenanza sométese a información pública no prazo de 30 días, contados a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se consideren pertinentes, ao abeiro dos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 56 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

O texto da ordenanza estará a dispor da cidadanía nas dependencias municipais (Praza do Concello, 1. 15841 Santa Comba, A Coruña). Expediente núm.: 2022/G013/000003.

Así mesmo, o texto da ordenanza municipal estará a disposición dos interesados no portal web municipal (dirección: <https://sede.santacomba.es>).

No caso de non presentarse ningunha reclamación ou suxestión no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o acordo de modificación da mencionada ordenanza ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

Santa Comba, 31 de xaneiro de 2024

O alcalde,

Alberto Romar Landeira

2024/723